



Defendamos o noso! Emprego, industria e servizos públicos

O Goberno galego pretende aprobar a “Lei de Promoción dos Beneficios Sociais e Económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza”. Un texto que, lonxe de promover beneficios sociais para o pobo, como di o seu título, converte o público nun facilitador para que, desde o ámbito privado, se entre a oito nos recursos naturais do noso país.

Esta lei, aínda en fase de anteproxecto, foi avaliada polo Consello Económico e Social (CES), organismo institucional de carácter consultivo que, como é preceptivo, analizou e avaliou a proposta que pretende poñer o Executivo en marcha. Unha avaliación da que resultou un ditame moi crítico, na liña da valoración da CIG.

Porén, cando se tiña que ratificar o ditame produciuse unha actuación sen precedentes do Goberno galego que, facendo un uso partidista do recentemente elixido Presidente do organismo, secuestrou primeiro o ditame e pretendeu mudalo no Pleno, despois, malia estar por dúas veces aprobado na súa Comisión redactora.

Para o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, este intento do Goberno galego e do PP de mudar o ditame do CES responde á súa “desesperación” por impedir que os recursos naturais de Galiza “teñan que reverter no beneficio social e económico do pobo galego” e que as reivindicacións sociais de anos sigan desatendidas.

Creación de emprego

Fronte a iso a CIG considera que, tal e como se recolle no ditame, a lei debe contemplar cuestións esenciais para defender os nosos recursos naturais,



garantir a creación de emprego e industria, crear unha empresa pública e poñer a enerxía ao servizo do pobo galego fronte ao espolio que se facilita e promove para beneficio de empresas privadas.

Entre outras moitas propostas que podes consultar ao completo na páxina web da CIG, a central sindical considera necesario que as novas actividades acheguen emprego ao contorno económico e social afectado; que hai que elaborar un novo Plan Sectorial Eólico para todo o territorio galego que se someta ao procedemento de avaliación ambiental e estratéxica; que as terras, e mesmo o mar, dedicadas a abastecemento de alimentos deben estar protexidas para priorizar a soberanía alimentaria sobre os intereses industriais e enerxéticos ou, en materia de parques eólicos, que cómpre priorizar a repotenciación dos parques eólicos e as liñas de evacuación existentes sobre outros novos.

O Goberno do PP, na teima por facilitar o negocio privado non ten problema ningún nin por ofrecer de

saldo os nosos recursos naturais, nin por reducir os nosos sectores públicos esenciais, como os servizos sociais, o ensino e o sanitario, á mínima expresión. Por iso, para aumentar a privatización contempla uns orzamentos raquícticos para a nosa sanidade pública para 2024. Partidas orzamentarias insuficientes para resolver a problemática que afronta e que perpetúan a súa deterioración.

SOS Sanidade Pública

Diante disto, a nosa central sindical súmase ao chamamento de SOS Sanidade Pública, que vén de anunciar mobilizacións conxuntas de todas as Plataformas de Galiza en Defensa da Sanidade Pública, para o domingo día 4 de febreiro, contra o desmantelamento da Atención Primaria, as listaxes de agarda hospitalarias, o abandono da Saúde Mental e o abandono da Atención á Dependencia e das Residencias de Maiores. Ademais, ten convocada tamén unha concentración diante do Parlamento de Galiza para o vindeiro martes, día 19 de decembro, ás 12:00 horas.

O pobo das Pontes clama por un futuro con emprego e industria

O pobo das Pontes botouse novamente á rúa o 23 de novembro para exigir unha transición xusta, medidas que garantan a reindustrialización e un futuro con emprego. A manifestación foi o acto central da folga xeral parcial convocada pola CIG na localidade, que rexistrou un seguimento masivo en todas as empresas, sectores e administracións, cun especial impacto no comercio e na hostalaría local que pecharon na práctica totalidade.

O secretario xeral, Paulo Carril, alertou que “As Pontes é a zona cero” da crise industrial que temos en Galiza, e que non estamos ante unha transición, “senón ante unha reconversión clásica que deixa detrás un estrago importante non só na actividade ligada á produción de enerxía, senón tamén naquelas empresas que no seu día foron representativas dos plans de reindustrialización, como Einsa”, cun ERE para despedir a máis de 120 traballadores/as.

Esta xornada de loita convocada pola CIG (e á que nin UGT nin CCOO



se quixeron sumar) supón unha chamada de atención urxente para que Goberno español, Xunta e Concello “fagan o imposible para frear esta demolición e evitar que sexa Endesa quen marque o ritmo e o calendario ante a inacción das administracións”.

Carril criticou que “as promesas dun paraíso industrial e de emprego para As Pontes non son certas”, xa que a realidade é unha sucesión de despedidos e unha crise importante na localidade e na súa contorna dende o anuncio do peche da central térmica en 2019.

Nesta liña, o voceiro da CIG nas Pontes, Alberte Amado, criticou que

no tempo transcorrido non houbo solucións nin se asentaron novos proxectos industriais, “só temos promesas e procesos na vía administrativa”. Reclamou un plan de choque que a curto praza dea unha alternativa laboral e económica a todos os colectivos afectados; a creación de solo industrial; e que se conserve a vinculación laboral do persoal da industria auxiliar.

Tamén a paralización de todos os ERE, que se reasignen os 1400 MW de evacuación da central térmica no nó de transición xusta das Pontes e a consecuente poxa ligada a proxectos industriais.

“Golpe de estado” da patronal estatal aos dereitos do persoal da construción da provincia de Pontevedra

A CIG denuncia que a anulación do convenio da construción da provincia de Pontevedra por parte do TSXG tras a demanda presentada pola patronal estatal supón “un auténtico golpe de estado” contra os dereitos do persoal do sector e censura que o empresariado pretenda impoñer, coa complicidade de CCOO e UGT, un marco estatal que empeora as condicións laborais.

Na central lamentan que tanto a patronal estatal como os sindicatos CCOO e UGT estean na dinámica de boicotear as melloras que se acadan no noso país, intentando impoñer o que se pacta en Madrid aínda que supoña unhas condicións miserentas que empobrecen o persoal do sector.

“Agora celebran esta decisión xudicial aínda que as persoas traballadoras non vexan aumentados os seus salarios nin poidan gozar das melloras pactadas”, tal e como sinala o secretario nacional da CIG-Construción, Plácido Valencia, que considera “escandaloso” que CCOO e UGT fagan apoloxía do empeoramento das condicións de traballo. “Emprazámolos a tomar as medidas necesarias, incluída a folga, para defender as melloras e os dereitos que contempla o convenio de Pontevedra e que a patronal de Madrid non respecta e anula”.

O acordo, que entrou en vigor o 9 de xuño tras ser asinado pola CIG e a asociación empresarial do sector, incor-

poraba unha serie de melloras laborais, incluíndo a reivindicación histórica da xornada intensiva de mañá no verán durante o mes de xullo. Mais tamén o complemento de IT por enfermidade común e o de discapacidade, as licenzas e as indemnizacións por despido no sector de conservación de estradas e vías férreas. Ademais, establecía unha suba do 4,75% en 2022 e do 3% en 2023, con cláusula de revisión salarial a IPC.

Despois da ratificación do convenio a patronal estatal, en contra da provincial, presentaba recurso xudicial contra o convenio, como acontecera hai cinco anos co anterior acordo. A CIG non puido participar no xuízo ao non terlle chegado a tempo a notificación.



As traballadoras da limpeza de Lugo, exemplo de loita por un convenio digno

As traballadoras da limpeza de Lugo van camiño de cumprir dous meses en folga indefinida en demanda dun convenio digno. A súa loita constitúe un exemplo para toda a clase traballadora e, nomeadamente, unha mostra da resistencia e da capacidade reivindicativa das mulleres contra a precariedade, a parcialidade e os baixos salarios que sofren os sector máis feminizados.

A loita das compañeiras da limpeza require de toda a solidariedade da clase obreira e por iso o martes 12 de decembro, a CIG ten convocada unha asemblea e unha manifestación nacional de delegadas e delegados en Lugo en apoio ás súas xustas demandas.

As traballadoras sosteñen unha folga indefinida dende o pasado 16 de outubro contra unha patronal estatal intransixente, que pretende manter uns salarios de miseria e perpetuar unhas condicións laborais de indignidade.

A nula vontade de ASPEL (a asociación estatal que agrupa as grandes empresas do sector como Eulen, Clece, Acciona, FCC ou Sacyr) por renovar o convenio fíxose evidente dende o primeiro momento ao dilatar a constitución da mesa negociadora e



presentando despois unhas propostas totalmente inasumíbeis para o persoal, xa que suporían seguir deixando as táboas do convenio por debaixo do salario mínimo, ademais de pretender recortar a antigüidade.

Capacidade de resistencia

En resposta ás agresións patronais, a asemblea das traballadoras acordou mobilizarse co convencemento de que a loita é o único camiño para avanzar nos dereitos e na mellora das condicións laborais. É de salientar a súa capacidade de resistencia, soportando

os menosprezos de ASPEL (dende o inicio do paro só houbo tres reunións coa patronal, unha delas no marco da mediación solicitada pola parte social), a incompreensión social e o abandono das administracións, que máis alá das declaracións institucionais seguen sen tomar parte activa no conflito, a pesar de seren as principais contratistas destes servizos.

Pero tras case dous meses en folga indefinida, as compañeiras nin se renden nin se resignan, manténdose firmes na súa loita até lograr un convenio digno.

Intensifícase o conflito laboral en Vitrasa

O conflito aberto en Vitrasa pola negociación dun convenio colectivo digno estase a intensificar nas últimas semanas, unha vez que a empresa apostou pola vía represiva –con sancións e expedientes que poden supoñer despidos– e achegou unha proposta insuficiente. O persoal da concesionaria do servizo de transporte urbano do Concello de Vigo demanda unha actualización dos salarios tras varios anos conxelados e a incorporación de distintas melloras laborais.

Por iso o pasado 25 de novembro iniciou unha folga indefinida e un calendario de mobilizacións para forzar a renovación do convenio, caducado dende

2021. Un convenio que tería que incluír tamén unha redución da xornada anual do colectivo de conducción, ademais de regular o descanso diario e garantir o goce das vacacións en período estival.

Pero Vitrasa negábase a negociar mentres o Concello non autorizase un reequilibrio económico para compensar a baixada de persoas viaxeiras na pandemia. E incumpría o convenio no que ten que ver cos horarios de entrada e saída ou coas horas de comida, ingresaba con atraso nóminas e vulneraba acordos paralelos ao convenio. A maiores, intentou aplicar unha baixada drástica dos soldos e un aumento da xornada que foi paralizada xudicialmente.

Neste tempo o persoal desenvolveu mobilizacións periódicas, incluíndo paros parciais e días de folga completos, sen lograr que empresa se sentase a negociar. Os contactos abríronse agora tras anunciar o alcalde que aplicaríase o reequilibrio, mais Vitrasa non accedeu a retirar as sancións e achegou unha proposta insuficiente, que non contempla ningún incremento do IPC para 2021, 2022 e 2023, os anos nos que non quixo negociar. Iso si, pretende que se desconvoque a folga mentres teñen lugar as conversas, algo que o comité rexeita. Polo que o paro e as protestas continuarán até que se pacte un convenio que mellore as condicións laborais.

O profesorado galego non se vende, nin se rende

O profesorado galego protagonizou un intenso calendario de mobilizacións, ao longo do mes de novembro, demostrando que nin se rende, nin se vende e facendo patente a súa integridade fronte ás mentiras e manipulacións que se viñeron vertendo durante este período, co obxectivo de que o acordo asinado polos sindicatos minoritarios do ensino coa Consellaría de Educación pasase sen contestación ningunha.

Mais non foi así, a participación do colectivo docente foi masiva nas manifestacións, na folga e nos diversos actos convocados pola CIG-Ensin, STEG e CSIF para manifestar o seu rexeitamento ao que xa pasará á historia como o acordo “da vergoña”. Mobilizacións produto dun malestar acumulado durante anos e que se tornou, nas últimas semanas, nunha queixa colectiva para deixar constancia de que non están dispostos a tragar co que lles poñan diante. Unha resposta social que agromou da conciencia xeral de que este colectivo profesional está a ser desprezado pola administración.

Esta aldraxe queda perfectamente clara ao constatarse no proxecto de orzamentos da Consellaría de Educación para 2024 que non incrementa nin un só posto de traballo con respecto a este ano no capítulo de persoal e que tampouco destina máis fondos para unhas medidas “totalmente de saldo” incluídas no acordo: a redución das ratios en Infantil de 3 anos e unha suba salarial de 5€ ao mes con



carácter xeral, acompañada doutras subas que, sendo escasas, teñen como principal eiva segregar o profesorado.

Tras do éxito das mobilizacións, dun “novembro de loita” e das dúas xornadas de folga os sindicatos convocantes exigen unha xuntanza co conselleiro de Educación, que nin sequera respondeu ao chamado que lle fixeron para

sentar a negociar. Por iso, o secretario nacional da CIG-Ensin, Suso Bermello cuestiona a capacidade como interlocutor dun responsable político que goberna de costas á vontade maioritaria do profesorado e insta a Román Rodríguez a formar parte da solución a este conflito, o maior en 14 anos de goberno do PP, ou a botarse a un lado.

Proposta de mínimos imprescindíbeis

CIG-Ensin, STEG e CSIF fan un chamamento á rectificación da Consellaría e demandan que se negocie arredor dunha proposta de mínimos que pasa por:

- A recuperación dos horarios lectivos de 18 horas en secundaria, FP e demais ensinanzas e de 21 horas en infantil e primaria nun máximo de 2 cursos.
- A redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.
- A aplicación de medidas inmediatas (xa no curso 2024/25) para a redución da burocracia co aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e tutoría e co aumento de persoal administrativo.
- Repartición lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.

Novas mobilizacións nas escolas infantís

As traballadoras das escolas infantís privadas e de xestión indirecta, na etapa 0-3, continuarán neste mes de decembro coas mobilizacións co obxectivo de desbloquear as negociacións do convenio colectivo e de mellorar as condicións laborais e salariais das arredor de 2000 persoas que traballan neste sector en Galiza.

As organizacións sindicais teñen convocadas protestas para o mércores 13 en **Vigo** ás 19:00, en **Compostela** ás 19:30 e na **Coruña** ás 18:30 horas; unha manifestación nacional en **Compostela** o sábado 16, con saída ás 11:30 horas; e unha nova xornada de folga o martes 19 con manifestacións en **Vigo** e na **Coruña** ás 11:30 horas.